ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU26011

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Taller práctico de simulación de roles (role-play): Contratación pública en xogo: do prego á execución.

CONVOCATORIA: Taller práctico de simulación de roles (role-play). Contratación pública en xogo: do prego á execución.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	6
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	C.MONOGRÁFICO	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/11/2026 - 09:00h ao 03/11/2026 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo xeral desta actividade é que o alumnado experimente, desde unha posición distinta á súa habitual, como as decisións adoptadas na preparación dun contrato determinan a súa execución, e que identifique o rastro documental que debe existir no expediente para soster cada unha desas decisións.

Obxectivos específicos:
1. Xustificar a necesidade e calcular correctamente o valor estimado e o orzamento base de licitación nun servizo intensivo en man de obra.
2. Distinguir que corresponde ao prego técnico e que ao prego administrativo, e detectar as contradicións habituais entre ambos.
3. Deseñar criterios de adxudicación vinculados ao obxecto, medibles e non discriminatorios, e valorar o peso relativo do prezo.
4. Manexar a subrogación e a información laboral asociada, e os seus efectos sobre o custo e sobre a licitación.
5. Identificar e tramitar unha oferta anormalmente baixa.
6. Recoñecer os motivos reais de estimación dun recurso especial en materia de contratación.
7. Documentar o incumprimento en execución e aplicar o réxime de penalidades cando o prego o permite, así como identificar alternativas cando non o permite.
8. Delimitar cando un contrato pode modificarse sen nova licitación e cando a modificación é substancial.
9. Afrontar a prestación executada sen cobertura contractual previa: reparo, validación, enriquecemento inxusto e responsabilidades derivadas.
10. Anticipar o control posterior —interno, externo e, de ser o caso, penal— desde o momento en que se redacta o expediente.

DESTINATARIOS

O taller está dirixido ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes públicos instrumentais, que presten servizo en unidades de contratación.

No caso de non se cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderá acceder o persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, que preste servizo en unidades de contratación da Administración local e das universidades do Sistema universitario de Galicia que interveña en calquera fase do ciclo contractual.

O persoal empregado público da Administración local e das universidades do Sistema universitario de Galicia deberá achegar documentación unha vez formalizada a súa inscrición e antes de que finalice o prazo de matrícula, tal como se indica na base sexta, punto 6 da convocatoria DOG.

Este taller resulta especialmente indicado para:
• Persoal de servizos e unidades de contratación.
• Persoal técnico redactor de pregos de prescricións técnicas.
• Persoal de asesoría xurídica e secretarías.
• Persoal de intervención e control interno.
• Responsables de contratos e persoal de unidades usuarias.
• Persoal directivo con competencias en materia contractual.

PROGRAMA

Trataranse dunha forma práctica, consistente na realización de distintas tarefas que se propoñerán ao longo da actividade, e no uso de técnicas de dinámica de grupo como o role-play (simulación ou xogo de roles), as seguintes fases:

I. Preparación, redacción de pregos e licitación.
Encargo e presión de prazos. Mesa de discusión do prego. Consultas preliminares do mercado ou direccionamento. Licitación, oferta anormalmente baixa e recurso especial.

II. Execución do contrato.
"O arranque que non arrinca". O atraso e as penalidades. A modalidade contractual. A modificación executada antes de tempo. A prórroga tardía e o fin do contrato. Control e responsabilidade. Reflexión conxunta e mensaxes crave.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo co indicado para as persoas destinatarias na base cuarta da convocatoria DOG. A orde de selección virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

O persoal empregado público da Administración local e das universidades do Sistema universitario de Galicia deberá achegar documentación unha vez formalizada a súa inscrición e antes de que finalice o prazo de matrícula, tal como se indica na base sexta, número 6, da convocatoria DOG:

Base sexta. Inscrición:
6. Antes de que finalice o prazo de inscrición, as persoas solicitantes da Administración local e das universidades do Sistema universitario de Galicia deberán enviar ao correo electrónico novas.egap@xunta.gal a documentación acreditativa de ser empregado público e estar a prestar servizo nunha unidade de contratación da Administración local ou dalgunha das universidades do Sistema universitario de Galicia: cabeceira de nómina, toma de posesión ou certificado asinado por quen corresponda.
Serán excluídas as solicitudes das persoas solicitantes que non envíen en prazo a documentación requirida.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 06/11/2026 a 06/11/2026	
NUM. PRAZAS: 30	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)		**DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

FCO. JAVIER VAZQUEZ MATILLA

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALA DE EXPOSICIÓNS: O día 06 de novembro de 11:00 a 14:30. O día 06 de novembro de 16:00 a 17:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA